

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Corrección de erros.-Decreto 406/2003, do 29 de outubro, polo que se modifica o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Advertido erro no devantado decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 222, do 14 de novembro de 2003, cómpre face-la oportuna corrección:

Na páxina 14.101, no artigo 123º.-Composición, dentro do punto 1, debe engadirse a alínea c) Secretario: o subdirector xeral de Menores.

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Decreto 418/2003, do 20 de novembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2004.

O Plan Galego de Estatística é, conforme o artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o seu desenvolvemento e a súa execución o Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, aprobará un Programa estatístico que terá a vixencia dun ano natural conforme establece o artigo 9 de citada lei.

O obxecto deste decreto é aproba-lo Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2004, continuando a execución do Plan Galego de Estatística 2002-2006, aprobado pola Lei 10/2001, do 17 de setembro (DOG nº 188, do 27 de setembro), e que continúa así coa planificación iniciada co Plan Galego de Estatística 1998-2001.

En virtude de todo o anterior, de acordo co disposto no artigo 9 da citada Lei 9/1988, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, oído o Consello Galego de Estatística e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de novembro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004. Este

programa está integrado polo conxunto das seguintes actividades estatísticas:

a) As que integran as metas de información do Plan Galego de Estatística 2002-2006 e que son recollidas no anexo I deste decreto.

b) Aquelas que darán cumprimento ós obxectivos das metas instrumentais do citado plan e que figuran no anexo II deste decreto.

Artigo 2º

As actividades estatísticas incluídas neste programa e que integran as metas de información están sometidas ás seguintes regras xerais:

a) A súa execución farase con criterios obxectivos e de conformidade cos principios científicos que aseguren a súa corrección técnica.

b) Manterán o segredo estatístico no que respecta a datos individuais utilizados nas ditas actividades.

c) As actividades estatísticas que non sexan responsabilidade do Instituto Galego de Estatística e cumpran os criterios establecidos no artigo 4º, serán homologadas por este.

d) Os resultados e produtos estatísticos obtidos difundiranse adecuadamente.

Artigo 3º

As actividades estatísticas incluídas neste programa e que integran as metas de información están sometidas ás seguintes regras específicas:

a) Designarán o organismo responsable de executa-la actividade.

b) Determinarán as persoas físicas ou xurídicas e os entes de dereito público obrigados a subministra-la información requirida.

c) Establecerán o prazo no que os resultados estarán dispoñibles para a súa difusión.

d) Designarán o organismo obrigado a difundir-los resultados da actividade estatística.

e) Establecerán o orzamento estimado destinado á realización da actividade estatística.

Artigo 4º

As actividades estatísticas incluídas neste programa, que non son responsabilidade do Instituto Galego de Estatística, serán obxecto de homologación por parte deste cando:

1. Sexan de carácter xeral e especial interese para o sistema estatístico galego.

2. Sexan explotacións de datos procedentes de rexistros administrativos propios da Administración galega, de enquisas realizadas polo organismo responsable da actividade ou estatísticas de síntese.

Para a súa homologación, estas actividades deberán cumprir-los seguintes requisitos:

1. Con anterioridade á realización da actividade, deberá presentarse ó IGE para a súa aprobación, un proxecto técnico básico no que se recollan os principais aspectos metodolóxicos para a súa execución.

2. Con anterioridade á difusión dos resultados, deberá presentarse ó IGE para a súa aprobación, o contido previo da publicación.